

# CONCELLO DE XOVE

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 8 DE ABRIL DE 2013.

### **ASISTENTES:**

#### **Alcalde-Presidente:**

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

#### **Concelleiros:**

D<sup>a</sup> Ana María Abad López

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Dolores Meitin Guerreiro

D<sup>a</sup> Cristina Iglesias Guerreiro

D. José Manuel Balseiro Canoura

D. Marco López López

D. José Manuel López Hermida

D. Alberto Santos Vázquez.

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Rosario Balseiro López

D. Manuel Angel Meitin Rouco

D. Leandro Quelle Franco

#### **Secretario:**

D. Luís M. Fernández del Olmo

#### **Interventora:**

D<sup>a</sup> Elena Santos Rey

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dezanove horas do día oito de abril de dous mil trece, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos señores Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebra-la sesión ordinaria convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde-Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

### **1º.- TOMA DE POSESIÓN DO SEU CARGO DE CONCELLEIRO DE D. LEANDRO QUELLE FRANCO.-**

Polo Secretario Municipal dáse conta á Corporación do expediente tramitado ao efecto e dáse lectura a credencial acreditativa da condición de concelleiro de D. Leandro Quelle Franco expedida pola Junta Electoral Central e entregada ao interesado.

Dáse conta igualmente que D. Leandro Quelle Franco, como concelleiro ten formulado as declaracións referidas no artigo 75.7 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladoras das bases do réxime local.

A seguir en cumprimento do requisito legal previsto no artigo 108.8 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, polo Sr. Alcalde dáse lectura á fórmula prevista no Real decreto 707/1979, do 5 de abril, regulador da fórmula para a toma de posesión de cargos e funcións públicas: «Xuro ou prometo, pola miña conciencia e a miña honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro do Excmo. Concello de Xove con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado».

D. Leandro Quelle Franco promete e toma posesión do seu cargo de concelleiro do Concello de Xove.

### **2º.- APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA DE DATA 14 DE FEBREIRO DE 2013. ADOPCIÓN DE ACORDO.**

Seguidamente, polo Sr. Alcalde-Presidente, preguntouse ós asistentes se tiñan algunha obxección que formular ó borrador da acta da sesión plenaria de data 14 de febreiro de 2013.

Non habendo obxeccións, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, agás a obvia abstención do Sr. Leandro Quelle Franco, acorda aproba-lo borrador da acta da sesión plenaria de data 14 de febreiro de 2013.

### **3º.- CONTA XERAL DO ORZAMENTO MUNICIPAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2013. APROBACIÓN. ADOPCION DE ACORDO.**

Por Secretaría dáse conta á Corporación do dictame da Comisión Informativa de Contas de data 4 de abril de 2013 que a seguir se transcribe integramente:

**“1º) CONTA XERAL DO PRESUPOSTO MUNICIPAL CORRESPONDENTE O EXERCICIO DE 2012. INFORME.**

*Por Secretaría dáse conta á Comisión do expediente da Conta Xeral do Presupuesto Municipal correspondente ó exercicio de 2012, elaborada pola Interventora Municipal, integrada polos seguintes estados:*

- *Balance*
- *Conta do resultado económico patrimonial*
- *Estado de liquidación do presuposto*
- *Memoria*

*Inclúese igualmente no expediente de razón, a liquidación do presuposto municipal correspondente ó exercicio de 2012, aprobada por decreto de Alcaldía de data 23 de xaneiro de 2013, así como o preceptivo informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.*

*Dáse conta igualmente que a Conta Xeral do 2012 unha vez ditaminada favorablemente pola Comisión Especial de Contas en sesión de data 13 de febreiro de 2013 foi sometida ao preceptivo trámite de información pública mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 50 de data 1 de marzo de 2013.*

*Obra no expediente certificación de Secretaría de data 1 de abril de 2013, na que se acredita que no prazo de exposición pública non se presentou ningunha reclamación.*

*Enterada a Comisión, cos votos favorables dos Sres. Salgueiro Rapa, Abad López, Iglesias Guerreiro e Meitin Guerreiro e coa abstención do Sres. López Hermida e Santos Vázquez quen manifestan que se pronunciarán no Pleno; acorda :*

*1º) Informar favorablemente, a Conta Xeral do Presupuesto Municipal correspondente ó exercicio 2012 e dar traslado da mesma ó Pleno Corporativo para o seu coñecemento e se é o caso aprobación.”*

Enterado, o Concello Pleno, co voto favorable dos Sres./Sras. Salgueiro Rapa, Abad López, Meitin Guerreiro, Iglesias Guerreiro, Balseiro Canoura, Balseiro López, Meitin Rouco e Quelle Franco, e coa abstención dos Sres. López López, López Hermida e Santos Vázquez, acorda aproba-la Conta Xeral correspondente ó exercicio presupostario de 2012.

**4º.- INFORME DE TESOUSERÍA E INTERVENCIÓN, CORRESPONDENTE Ó 1º TRIMESTRE DO EXERCICIO 2013, ÓS EFECTOS DO PREVISTO NO ART. 4 DA LEI 15/2010 DE 5 DE XULLO. DAR CONTA.**

Por Secretaría dáse conta á Corporación do expediente do epígrafe, obrante no expediente.

Pola Interventora Municipal explícanse os aspectos máis salientables do mesmo.

O Pleno Corporativo dáse por enterado.

**5º.- EXPEDIENTE DE RECTIFICACION DO INVENTARIO DE BENS E DEREITOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL Ó 31-12-2012.APROBACIÓN INICIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.**

Por Secretaría dáse conta á Corporación do expediente tramitado para a preceptiva rectificación do Inventario de Bens e Dereitos de Titularidade Municipal no que se reflicten as variacións habidas no mesmo durante o exercicio de 2012. Consonte ós datos obrantes no citado expediente, o cómputo do importe das altas minorado co importe das baixas, determinan un importe de 320.188,08€ polo que con data 31 de decembro de 2012 o Inventario de Bens e Dereitos de Titularidade Municipal acada un importe total de 11.426.874,88 €.

Rematado o debate, a corporación por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión acorda aproba-la rectificación do Inventario de Bens e Dereitos de Titularidade Municipal correspondente ó exercicio de 2012 nos termos anteriormente transcritos.

**6º.- PROPOSTA DE ALCALDÍA DE MODIFICACION DA ORDENANZA FISCAL REGULAMENTADORA DA TAXA POLA SUBMINISTRACION DE AUGA INCLUIDOS OS DEREITOS DE ENGANCHE, COLOCACIÓN E UTILIZACIÓN DE CONTADORES. APROBACIÓN INICIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.**

Por Secretaría dáse conta da proposta do epígrafe que a seguir se transcribe integramente:

*“D. Demetrio Salgueiro Rapa, Alcalde-Presidente do Concello de Xove, no uso das facultades que me son conferidas polo artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,*

*Examinada a actual redacción da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa pola subministración e distribución de auga, incluídos os dereitos de enganche, colocación e utilización de contadores; en concreto no que se refire ao apartado 3.2 no que se regula o período impositivo da taxa.*

*Tendo en conta a entrada en vigor o día 1 de xullo de 2012 do Decreto 136/2012, de 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do Canon da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais, que establece uns períodos de declaración do canon de seis meses.*

*En aras de acadar unha meirande eficiencia administrativa na xestión da taxa, pola presente proponho ao Concello Pleno a aprobación da modificación dos seguintes artigos da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola prestación do servizo de distribución de auga, incluídos os dereitos de enganche e colocación e utilización de contadores do seguinte xeito:*

*1.- Modifícase o artigo 3.2 quedando redactado como segue:*

*O período impositivo será trimestral*

*2.- Modifícase conseguintemente o artigo 6 no seu apartado 1º letra A, quedando redactado do seguinte xeito:*

*Tarifa: A contía da taxa regulada nesta ordenanza, será a fixada na tarifa seguinte:*

**A. CONSUMOS**

<u>TARIFAS</u>	<u>IMPORTE/TRIMESTRE</u>
<i>Tarifa T1. Subministración para uso doméstico</i>	
<i>Cuota de mantemento</i>	<i>1,20 €</i>
<i>Primeiros 50 metros cúbicos de consumo</i>	<i>0,30 €/M<sup>3</sup></i>
<i>De 51 a 100 metros cúbicos de consumo</i>	<i>0,60 €/M<sup>3</sup></i>
<i>De 101 a 200 metros cúbicos de consumo</i>	<i>0,90 €/M<sup>3</sup></i>
<i>Máis de 200 metros cúbicos de consumo</i>	<i>1,20 €/M<sup>3</sup></i>
<i>Tarifa T2. Subministración de auga provisional para obras</i>	
<i>Cuota de mantemento</i>	<i>2,40 €</i>
<i>Primeiros 50 metros cúbicos de consumo</i>	<i>0,60 €/M<sup>3</sup></i>
<i>De 51 a 100 metros cúbicos de consumo</i>	<i>1,20 €/M<sup>3</sup></i>

<i>De 101 a 200 metros cúbicos de consumo</i>	<i>1,80 €/ M<sup>3</sup></i>
<i>Máis de 200 metros cúbicos de consumo</i>	<i>2,40 €/ M<sup>3</sup></i>
<i>Tarifa T3. Subministración para usos comerciais, industriais ou agropecuarios</i>	
<i>Cuota de mantemento</i>	<i>1,20 €</i>
<i>Primeiros 50 metros cúbicos de consumo</i>	<i>0,30 €/ M<sup>3</sup></i>
<i>De 51 a 100 metros cúbicos de consumo</i>	<i>0,60 €/ M<sup>3</sup></i>
<i>De 101 a 200 metros cúbicos de consumo</i>	<i>0,90 €/ M<sup>3</sup></i>
<i>Máis de 200 metros cúbicos de consumo</i>	<i>1,50 €/ M<sup>3</sup></i>
<i>Tarifa T4. Subministración para organismos oficiais ou entidades prestadoras de servizos sociais e asistenciais</i>	
<i>Cuota de mantemento</i>	<i>1,20 €</i>
<i>Primeiros 50 metros cúbicos de consumo</i>	<i>0,30 €/ M<sup>3</sup></i>
<i>De 51 a 100 metros cúbicos de consumo</i>	<i>0,60 €/ M<sup>3</sup></i>
<i>De 101 a 200 metros cúbicos de consumo</i>	<i>0,90 €/ M<sup>3</sup></i>
<i>Máis de 200 metros cúbicos de consumo</i>	<i>1,20 €/ M<sup>3</sup></i>

3.- Modifícase o artigo 8.3 no seu último parágrafo, do seguinte xeito: O período voluntario de cobro fixarase en dous meses desde a aprobación do correspondente padrón trimestral.

4.- Modifícase o artigo 8.7, que queda redactado como segue: *Nos casos en que por erro ou calquera outra causa o Concello facturara cantidades inferiores ou superiores ás debidas poderá compensar a diferenza ben de xeito escalonado nos sucesivos recibos ben de xeito único no recibo do trimestre seguinte ao que se detectou o erro.*

5.- Suprímese o apartado 8 do artigo 8.

6.- Modifícase a Disposición Final da Ordenanza quedando redactada do seguinte xeito: *A presente Ordenanza entrará en vigor no momento da súa publicación no B.O.P. e comezará a aplicarse o trimestre de facturación seguinte que corresponda, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.*”

Enterado, o Concello Pleno por unanimidade dos membros asistentes á sesión, acorda aprobar inicialmente a modificación reflectida na proposta de Alcaldía transcrita da Ordenanza Fiscal Regulamentadora da Taxa pola Subministración de Auga, incluídos os dereitos de enganche, colocación e utilización de contadores e sometela ó preceptivo trámite de información pública por prazo de 30 días hábiles, mediante anuncio a publicar no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, e no taboero municipal de anuncios, sinalándose expresamente que no suposto de non presentarse alegacións e/ou reclamacións no trámite de información pública, o presente acordo entenderase elevado automaticamente a definitivo.

**7º.- RATIFICACION DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 28-02-2013 SOBRE CONCESIÓN DE BONIFICACIÓN NO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIONS, INSTALACIONES E OBRAS ( I.C.I.O. ) Á MERCANTIL CONSERVAS ARTESANAS CURRICAN S.L. ADOPCIÓN DE ACORDO.**

Por Secretaría dáse conta á Corporación do asunto do epígrafe que a seguir se transcribe íntegramente:

**“D.3) SOLICITUDE DE CONSERVAS ARTESANAS CURRICAN S.L. DE SOLICITUDE DE BONIFICACION E DEDUCCIÓ DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS.**

*Por Secretaría dáse conta da solicitude presentada por M<sup>a</sup> Nieves Medina García en representación da empresa Conservas Artesanas Curricán S.L. solicitando a bonificación do imposto de construcións, instalacións e obras (I.C.I.O) para iniciativas consideradas de interese ou utilidade municipal.*

*Visto o informe do Departamento de Emprego, no que considera procedente a concesión da bonificación solicitada, xa que está calificada como Iniciativa Local de Emprego pola Consellería de Traballo e Benestar ( TR340A 2012/2-2); pola Xunta de Goberno Local en votación ordinaria acorda:*

*1º) O libramento de 254,12 € en concepto de bonificación do I.C.I.O. por ser considerada unha iniciativa de interese ou utilidade municipal.*

*2º) A notificación á interesada, os efectos procedentes.”*

Enterado, o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros, e ós efectos do disposto na correspondente ordenanza, acorda ratifica-lo acordo anteriormente transcrito.

**8º.- DECRETO DE ALCALDÍA DE DATA 27-02-2013 SOBRE REMODELACIÓN DOS ORGANOS MUNICIPAIS CON PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE MUNICIPAL EN ORGANOS COLEXIADOS COMO CONSECUENCIA DA RENUNCIA DE D. JOSE MANUEL GONZALEZ ALVAREZ Ó SEU CARGO DE CONCELEIRO. TOMA DE RAZÓN E ADOPCIÓN DE ACORDO.**

Por Secretaría dáse conta á Corporación do Decreto do epígrafe que a seguir se transcribe íntegramente:

*“ D. JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, Alcalde Presidente do Concello de Xove,*

*VISTO que con data 14/02/2013 o Concelleiro D. José Manuel González Álvarez presentou escrito polo que expresamente comunicou a súa renuncia ó cargo referenciado.*

*VISTO que o Pleno Corporativo na súa sesión de data 18/02/2013 tomou coñecemento da citada renuncia e acordou a remisión do expediente á Junta Electoral Central ós efectos da provisión da vacante polo substituto do renunciante D. Leandro Quelle Franco.*

*TENDO EN CONTA que a renuncia de D. José Manuel González Álvarez ó seu cargo de concelleiro supón igualmente o cese automático nas súas funcións como.*

- Primeiro Tenente de Alcaldía e membro da Xunta de Goberno Local.*
- Membro da Comisión Especial de Contas.*
- Membro e Voceiro - Portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular.*
- Representante do Concello de Xove na Mancomunidade de Concellos da Mariña Luguesa.*
- Delegado de Comercio, Industria e Obras.*
- Presidente da Mesa de Comercio Local do Concello de Xove.*

*Polo presente ACORDO:*

*PRIMEIRO.- No uso das facultades que me son conferidas polo art. 52 do ROFRXEELL aprobado polo Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, proceder á remodelación dos nomeamentos de Tenentes de Alcalde e membros da Xunta de Goberno Local do seguinte xeito:*

*.- Primeira Tenente de Alcaldía e membro da Xunta de Goberno Local: D<sup>a</sup>. Ana María Abad López.*

*.- Segunda Tenente de Alcaldía e membro da Xunta de Goberno Local: D<sup>a</sup>. María Dolores Meitín Guerreiro.*

*.- Terceira Tenente de Alcaldía e membro da Xunta de Goberno Local: D<sup>a</sup>. Cristina Iglesias Guerreiro.*

*SEGUNDO.- Aos efectos do disposto no art. 24 do ROFRXEELL aprobado polo Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro designar Voceira - Portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular á Primeira Tenente de Alcaldía D<sup>a</sup>. Ana María Abad López.*

*TERCEIRO.- Propoñer ó Pleno Corporativo a designación da Terceira Tenente de Alcaldía D<sup>a</sup>. Cristina Iglesias Guerreiro como representante do Concello de Xove na Mancomunidade de Concellos da Mariña Luguesa.*

*CUARTO.- Asumir persoalmente a Presidencia da Mesa de Comercio Local do Concello de Xove.*

*QUINTO.- Dar conta do presente Decreto ao Pleno Corporativo ós efectos de toma de razón e acordo.*

*Mándoo e asínoo en Xove a vinte sete de febreiro de dous mil trece.”*

Aberto o debate, polo Sr. Alcalde explícanse as razóns das modificacións transcritas.

Polo Sr. López López manifestase que non ten nada que dicir de unha decisión de réxime interno do Grupo de Goberno, agás desexar que os designados cumpran axeitadamente ás súas funcións.

Rematado o debate, a Corporación dáse por enterada das modificacións transcritas e cos votos favorables dos Sres./Sras. Salgueiro Rapa, Abad López, Meitín Guerreiro, Iglesias Guerreiro, Balseiro Canoura, Balseiro López, Meitín Rouco e Quelle Franco, e coa abstención dos Sres. López López, López Hermida e Santos Vázquez, acorda designar a D<sup>a</sup> Cristina Iglesias Guerreiro, como representante do Concello de Xove na mancomunidade de Concellos da Mariña Luguesa.

Fora da orde do día da sesión, o Concello Pleno, cos votos favorables dos Sres./Sras. Salgueiro Rapa, Abad López, Meitín Guerreiro, Iglesias Guerreiro, Balseiro Canoura, Balseiro López, Meitín Rouco e Quelle Franco, que representa a maioría absoluta do seu número legal de membros e coa abstención dos Sres. López López, López Hermida e Santos Vázquez, ó abeiro do disposto no artigo 91.4 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, acordou entrar no debate e votación do seguinte asunto:

**9º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN PUNTUAL DO REGULAMENTO MUNICIPAL DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO CONCELLO DE XOVE. APROBACIÓN INICIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.**

Por Secretaría dáse conta á Corporación da proposta do epígrafe que a seguir se transcribe íntegramente:

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

*D. Demetrio Salgueiro Rapa, Alcalde-Presidente do Concello de Xove, no uso das facultades que me son conferidas polo artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,*

Con data 22 de febreiro de 2013 recíbese no Rexistro de Entrada do Concello escrito da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, escrito no que se establece que para poder proceder por parte do servizo de Inspección ao visado do actual Regulamento do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Xove deberán efectuarse unha serie de modificacións relacionadas no citado escrito.

De acordo co anterior, pola presente propoño ao Concello Pleno a modificación do Regulamento do servizo de axuda no fogar, aprobado polo Concello Pleno en sesión de data 11 de xuño de 2012, no seu articulado seguinte, **tendo en conta que a citada modificación unha vez entre en vigor con posterioridade á súa publicación íntegra no B.O.P. suporá a automática derogación dos artigos modificados, na súa actual redacción:**

**1.- Modifícase o Artigo 3 Contido do Servizo, no seu apartado 5, que queda redactado como segue:**

**5.-Atencións de carácter técnico e complementario:**

Son as actuacións que poidan ser necesarias ben para a posta en funcionamento do servizo, ben para que continúe en condicións idóneas ou para permitir unha atención inmediata en situacións de crise ou emerxencia.

En ningún caso poderán formar parte das actuacións desenvolvidas polo servizo:

- A realización de actividades domésticas que non fosen incluídas no proxecto de intervencións e no acordo do servizo recollidos no artigo 12 da Orde de 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar.

- Actuacións que, polo seu carácter sanitario deban en todo caso ser realizadas por persoal facultativo.

**2.- Modifícase o artigo 6 Intensidade do Servizo, no seu parágrafo primeiro, quedando redactado como segue:**

A intensidade do Servizo determinarase en horas semanais, distribuídas en función das necesidades da persoa usuaria e do informe técnico, diferenciarase así mesmo entre as persoas atendidas no marco do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia que estará predeterminado no seu programa individualizado (PIA). A súa aplicación será flexible, e garantirá a cobertura das necesidades persoais na realización das actividades básicas da vida diaria, relacionadas no artigo 4.1ª) da orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar, todos os días da semana.

**3.- Modifícase o artigo 7 Criterios de Organización e Procedemento, engadíndose 9 puntos:**

6. O prazo de alta no servizo, será como máximo dunha semana, dende que a persoa usuaria se lle asigna o recurso dende o Programa de Asignación de Recursos para persoas que aceden ao servizo na modalidade de dependencia, ou dende que se dita resolución por parte da Alcaldía, para as persoas que aceden ao servizo na modalidade de libre concorrència. Para as persoas usuarias ás que se lles concede o servizo pola vía de urxencia será como máximo de dous días.

7. Previo inicio do servizo, o persoal técnico realizará unha avaliación da situación e establecerá un consenso coa persoa usuaria, sobre as actuacións e tarefas a desenvolver no domicilio. Designarase tamén á persoa profesional de referencia.

8. A asignación do persoal de atención directa farase en base ao perfil requerido para cada caso concreto, e realizarase unha visita domiciliaria para a presentación do persoal de atención directa á persoa usuaria. Se a persoa usuaria, rexeita ó/á auxiliar de axuda no fogar que se lle asigna, sen

*razón suficientemente xustificada, pasará á lista de agarda ata que se lle asigne outro/a auxiliar, sempre que sexa técnicamente posible. Os cambios do persoal técnico asignado, así como nos horarios de prestación do servizo, que deban efectuarse, por circunstancias de necesidades de organización do servizo, comunicaranse á persoa beneficiaria, seguindo en vigor o acordo asignado.*

*9. Para o inicio da prestación do servizo, será requisito previo, asinar o acordo do servizo, segundo o modelo establecido no anexo II desta ordenanza.*

*10. O persoal técnico elaborará un Proxecto de Intervención, segundo o anexo II da Orde de 22 de xaneiro de 2009, que deberá conter: días da semana de atención, horario concreto no que se desenvolverá a prestación, identidade do persoal de atención directa responsable da execución do proxecto, obxectivos e tarefas a desempeñar no domicilio, e o seguimento efectivo da prestación no domicilio do usuario, con carácter mínimo bimensual.*

*11. Faráse entrega á persoa usuaria dunha copia da ordenanza municipal de axuda no fogar, debidamente visada polo órgano competente.*

*12. Así mesmo, entregárase á persoa usuaria e ao persoal de atención directa, o documento que conteña as tarefas a desenvolver no domicilio.*

*13. Informarase ás persoas usuarias da existencia dun libro de reclamacións, que estará á súa disposición, para calquera queixa ou reclamación. No caso de queixa ou reclamación, facilitarase unha copia da queixa á persoa usuaria e remitirase o orixinal ao Servizo de Inspección no prazo de tres días, xunto cun Informe do caso, segundo establece o artigo 6.i do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais de Galicia.*

*14. O departamento de Servizos Sociais do Concello abrirá un expediente por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia á que presta o servizo, no cal constará, cando menos:*

*a) Un Informe de avaliación inicial, asignado polo técnico competente, responsable da coordinación do servizo de axuda no fogar.*

*b) Un proxecto de intervención, asignado polo técnico responsable segundo o anexo II da Orde de 22 de xaneiro de 2009.*

*c) Un acordo de servizo asignado entre o Concello de Xove e a persoa usuaria, segundo o anexo II desta Ordenanza.*

*d) Informe de seguimento da prestación nos domicilios das persoas usuarias, que terán, como mínimo, un carácter bimensual, ou extraordinarios, cando as circunstancias así o aconsellen.*

***4.- Modifícase o artigo 8 Procedemento de Acceso e Documentación para usuarios de libre concorrência no seu apartado 5 relativo ao Informe Médico, segundo parágrafo, quedando redactado do seguinte xeito:***

*Con independencia desta documentación, o concello poderá solicitar os documentos complementarios que, durante a tramitación do expediente, estime oportunos en relación coa prestación solicitada.*

*A administración municipal poderá dispoñer que se efectúen as comprobacións oportunas sobre a veracidade dos datos aportados polos/as interesados/as, coa debida atención ao disposto na Lei 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal. Igualmente poderá reclamar, as aclaracións por escrito e a documentación necesaria co fin de garantir a correcta cumprimentación do expediente.*

##### **5.-Modifícase o artigo 12 Profesionais do servizo, quedando redactado como segue:**

O servizo estará coordinado por persoal técnico cunha cualificación mínima de diplomatura universitaria na área de servizos sociais. No caso de que o número de persoas usuarias sexa menor de 50, o persoal técnico mínimo esixible será de 0,02 profesionais en cómputo de xornada completa a seguinte táboa:

<i>Número de persoas usuarias</i>	<i>Persoal técnico mínimo</i>
<i>50 a 99</i>	<i>1 técnico/a titulado/a a xornada completa</i>
<i>100 a 199</i>	<i>2 técnicos/as titulados/as a xornada completa</i>
<i>200-399</i>	<i>3 técnicos/as titulados/as a xornada completa</i>
<i>Incrementos sucesivos</i>	<i>Por cada grupo de 200 persoas usuarias corresponderá un incremento de 1 técnico/a titulado/a a xornada completa</i>

O persoal que presta atención directa nos domicilios das persoas usuarias estará formado por auxiliares de axuda no fogar que, no caso de atender a persoas afectadas por déficit de autonomía, deberá estar en posesión do título de formación profesional de grao medio de atención sociosanitaria ou equivalente, regulado no Real Decreto 496/2003, de 2 de maio, ou en posesión do certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente, regulado no Real decreto 1379/2008, de 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de servizos socioculturais e á comunidade.

Son funcións do traballador/a Social dos servizos sociais do concello de Xove responsable do programa municipal de Axuda no Fogar:

- *Programación e avaliación xeral do servizo.*
- *Difusión e información sobre o servizo.*
- *Supervisión e control da xestión do servizo.*
- *Estudo e análise das demandas e dos resultados*
- *Recibir a solicitude, realizar o estudo, diagnose, baremación e informe social para a resolución*
- *Sinalar e definir os obxectivos das intervencións, e realizar o protocolo de derivación para o/a traballador/a social da entidade coa que teña contrato administrativo o concello para a prestación do servizo.*
- *Avaliar e facer o seguimento de cada caso, sempre que sexa necesario e como mínimo, cada dous meses. Da supervisión realizada quedará constancia no correspondente expediente individual. Mediante esta supervisión revisarase e axustarase, se fose o caso, o contido das prestacións expresado no proxecto de intervención e no acordo do servizo.*
- *A coordinación e avaliación continua co/a traballador/a social da empresa ou entidade adxudicataria do servizo.*
- *Formular propostas de modificación do servizo: ampliacións, reducións, baixas, etc. no caso de usuarios de libre concorrencia. Para os usuarios do sistema da dependencia estarase ao establecido na normativa de aplicación.*
- *Comprobación, no seu caso, da veracidade dos datos aportados polos solicitantes do servizo, en particular, os compoñentes da unidade de convivencia efectiva. A tal efecto, poderá recabar do persoal de vixilancia municipal ou por calqueira outros medios, a emisión de informe ou a aportación de datos relevantes para efectuar a súa valoración.*

- *No exercicio da potestade que ten atribuída o Concello, o/a traballador/a social do Concello, poderá instar a revisión de oficio dos casos nos que se manifeste un cambio das circunstancias existentes no momento do acceso ao servizo que puideran dar lugar á denegación/concesión do mesmo ou variación do número de horas concedidas. Para os usuarios do sistema da dependencia estarase ao establecido na normativa de aplicación*

*Son funcións dos auxiliares de Axuda no Fogar:*

- *Executar as tarefas de atención persoal e doméstica deseñadas no proxecto de intervención.*
- *Facer á persoa usuaria partícipe do seu proceso de vida e non substituílo naquelas funcións que poida desenvolver por si mesma.*
- *Orientación en actividades da vida cotiá, favorecendo unha normalización no funcionamento do fogar.*
- *Educar e apoiar as persoas usuarias para crear ou manter hábitos de hixiene da vivenda, aseo persoal, control da medicación, etc*
- *Actuar de enlace entre a persoa usuaria e os técnicos do servizo*
- *Colaborar coa traballadora social no seguimento e avaliación*
- *Favorecer o apoio social ás persoas usuarias facilitando e fomentando o contacto co exterior.*

#### **6.- Modifícase o artigo 13º Dereitos das persoas usuarias do servizo:**

*As persoas usuarias do servizo, no marco dos dereitos que con carácter xeral se lle recoñecen na lexislación aplicable sobre servizos sociais e, se é o caso, sobre o procedemento administrativo común, terán dereito:*

- 1.- *Ao acceso ao servizo e a seren tratadas con respecto e dignidade.*
- 2.- *A recibiren unha atención adaptada ás súas necesidades, coa calidade e duración prescritas en cada caso*
- 3.- *A coñeceren a organización e o regulamento do servizo*
- 4.- *A coñeceren a situación do seu expediente.*
- 5.- *Ao tratamento confidencial dos seus datos de acordo co disposto na Lei Orgánica 15/1999 do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.*
- 6.- *A recibiren información precisa e clara sobre as posibles modificacións sobrevidas durante a prestación efectiva do servizo.*
- 7.- *A presentaren queixas e suxestións ao persoal coordinador do servizo cando expresaren reclamacións ou fixesen suxestións sobre a súa prestación efectiva*

#### **7.- Modifícase o artigo 14º Deberes das persoas usuarias do servizo:**

*As persoas usuarias, no marco dos deberes que con carácter xeral se recollen na Orde de axuda no fogar de 22 de xaneiro de 2009, terán os seguintes deberes:*

- 1.- *Cumprir coas condicións do servizo facilitándolle a execución das tarefas ao persoal a cargo e poñendo á súa disposición, os medios materiais necesarios.*
- 2.- *Colaborar, na medida das súas posibilidades, no desenvolvemento do servizo en funcións das súas capacidades e nos termos acordados en cada caso.*
- 3.- *A facilitar e colaborar no seguimento e avaliación do servizo*
- 4.- *Respectar a dignidade persoal e profesional das persoas que presten o servizo, así como respectar os límites das súas obrigas laborais.*

5.- *Informar dos cambios de calquera circunstancia que implique unha modificación na súa capacidade económica, así como de circunstancias relevantes de carácter persoal ou familiar que puidesen dar lugar á modificación, suspensión ou extinción na prestación do servizo.*

6.- *Participar no pagamento do servizo nos termos que se establecen na Ordenanza Fiscal reguladora do servizo vixente no Concello de Xove*

7.- *Comunicar, en circunstancias ordinarias e previsibles, con dez días de antelación, calquera ausencia temporal do domicilio que puidese impedir a prestación do servizo.*

**8.- *Modifícase o artigo 15º Obrigas do persoal do servizo municipal de axuda no fogar, que queda redactado como segue:***

1.- *Observar un trato respetuoso cara a persoa usuaria, evitando que a confianza con este e a súa familia interfira no traballo.*

2.- *Respectar a intimidade da persoa usuaria e gardar a debida confidencialidade.*

3.- *Respectar integramente o horario e as tarefas establecidas e non realizar cambio algún sen previa autorización do profesional responsable.*

4.- *Avisar, nun prazo de 24 a 48 horas, aos usuarios/as das súas ausencias coa debida antelación, trala autorización do xefe de persoal e a comunicación ao profesional responsable do servizo.*

5.- *Non recibir en custodia, en ningún caso, diñeiro, xoias nin obxecto algún.*

6.- *Non recibir ningún tipo de agasallo, prestación ou gratificación por parte do/a usuario/a*

7.- *Non dispoñer das chaves do domicilio, agás cando as condicións da situación concreta así o esixan, sempre coa demanda e consentimento do/a usuario/a e aceptación da traballadora social responsable do SAF.*

8.- *Manter unha relación de equilibrio afectivo axustado a/o usuaria/o.*

9.- *Avisar aos responsables da entidade adjudicataria da prestación do SAF ou no seu caso, aos servizos de urxencia correspondentes, naquelas situacións en que durante a prestación do servizo exista un risco para a integridade do/a beneficiaria/o.*

**9.-*Modifícase o artigo 16º Causas de extinción, modificación ou suspensión temporal do servizo:***

1.- *Serán causas de extinción do servizo de axuda no fogar, as seguintes:*

a) *A renuncia da persoa usuaria. (Anexo VII)*

b) *O cambio de programa individual de atención ou proxecto de intervención que implique un cambio de asignación de recurso e a súa incompatibilidade co servizo de axuda no fogar.*

c) *Traslado definitivo da súa residencia a outro Concello.*

d) *Falecemento da persoa usuaria ou ingreso en residencia.*

e) *Desaparición das causas que motivaron o servizo*

f) *Incumprimento reiterado dos deberes e obrigas establecidas para as persoas usuarias na prestación do servizo.*

g) *A falta reiterada do pagamento do servizo*

h) *Impago das cotas correspondentes durante tres meses consecutivos*

*Ademais, con carácter xeral, a alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión do servizo, poderá dar lugar á modificación das condicións de prestación nas que fora concedido inicialmente. Os cambios de circunstancias, en calquera caso, deberán substanciarse no expediente individual, mediante un novo informe social.*

*Cando se trate de un servizo público de axuda no fogar asignado a persoas en situación de dependencia na correspondente resolución de Programa Individual de Atención, consonte o establecido no Decreto 176/2007, do 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema na Comunidade Autónoma de Galicia, a incoación, por parte da entidade titular do servizo, dun expediente de extinción ou modificación das condicións de prestación do servizo deberá notificarse en todo caso ao órgano competente para ditar resolución de Programa Individual de Atención.*

*3.- Serán causas de suspensión temporal do servizo de axuda no fogar, logo de tramitación do correspondente expediente e informe razoado do persoal técnico coordinador do servizo, que deberá incorporarse ao expediente persoal, as seguintes:*

- a) A ausencia temporal do domicilio, neste caso o servizo poderá suspenderse por un máximo de tres meses, debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivaron esta ausencia*
- b) Modificación temporal das causas que motivaron a necesidade do servizo: poderá suspenderse o servizo en tanto persista o cambio de circunstancias causante da suspensión, coa excepción das prazas vinculadas a un dereito exercido dentro do sistema de autonomía e a atención á dependencia, suposto no que se estará ao disposto na correspondente normativa reguladora.*

**10.-Modifícase o artigo 18º Determinación da capacidade económica das persoas usuarias do SAF:**

*1.- Para os efectos deste artigo considérase persoa usuaria aquela para a cal se solicite o servizo. No caso de intervención con familias, entenderase como persoa usuaria un dos membros adultos da unidade de convivencia responsable dos menores que formen parte dela.*

*2.- A capacidade económica das persoas dependentes valoradas con dereito recoñecido de atención mediante o servizo de axuda no fogar calcularase en atención a súa renda e, se é o caso, ao seu patrimonio. Terase en conta, ademais, a renda e patrimonio do cónxuxe e a existencia de persoas convivintes economicamente dependentes. Para o cálculo da citada capacidade económica observaranse os criterios e regras dispostos na Resolución do 2 de decembro de 2008 da Secretaría de Estado de Políticas Sociais, Familia e Atención á Dependencia e á Discapacidade, pola que se publica o Acordo do Consello Territorial do Sistema para a Autonomía Persoal e Atención á Dependencia sobre determinación da capacidade económica do beneficiario e sobre os criterios de participación deste nas prestacións do dito sistema, así como as normas regulamentarias promulgadas pola Xunta de Galicia que incorporen aquelas regras ao sistema galego de servizos sociais. O resultado do cálculo da capacidade económica, correspondente ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido no servizo de axuda no fogar, constará na resolución do Plan Individualizado de Atención que se desenvolva en cada caso, de conformidade co que establece o artigo 38 do decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización, funcionamento dos órganos técnicos competentes.*

**11.- Dáse nova redacción ao artigo 19º Determinación da capacidade económica das persoas usuarias doutros servizos que impliquen copagamento:**

*No Servizo de Axuda no Fogar prestado a persoas ou unidades de convivencia distintas ás referidas no artigo anterior, o cómputo da capacidade económica farase de acordo cos seguintes criterios:*

1.- Computarase a renda de todas as persoas residentes na mesma unidade de convivencia. Para estes efectos considerarase renda a suma de calquera das modalidades de ingreso á que se refire o artigo 6.2. da Lei 35/2006 do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.

2.- Computarase, así mesmo, o patrimonio neto de todas as persoas residentes na unidade de convivencia. Para estes efectos, enténdese por patrimonio neto o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexan titulares, e terminados consonte ás regras de valoración recollidas na lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deba responder. Igualmente, para o cómputo do patrimonio neto deberán terse en conta as exencións que prevé a lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre patrimonio, ao respecto da vivenda habitual e doutros bens e dereitos.

3.- A capacidade económica calcularase sumando todas as rendas computables, modificadas á alza pola suma dun 5% do patrimonio neto en cómputo anual, e dividindo o resultado da dita suma entre o total de persoas que convivan no fogar.

4.- Realizarase unha revisión anual para a actualización da información relativa á capacidade económica das persoas usuarias do SAF.

5.- No nivel de renda dos/as beneficiarios/as, e de acordo ao establecido na Disposición Adicional Sexta da Lei 39/2006, non se terán en consideración como renda a contía das prestacións públicas vinculadas ao servizo para coidados no contorno familiar e de asistencia personalizada que se derivan da aplicación deste texto legislativo.

**12.- Modifícase o artigo 19, que se desglosará en dous artigos, o artigo 20 e o artigo 21. O artigo 20 quedará redactado do seguinte xeito: Participación no financiamento do servizo das persoas dependentes con dereito de atención recoñecido como usuarias do servizo de axuda no fogar:**

1.- No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, sexa igual ou inferior ao indicador público de rendas a efectos múltiples (IPREM), quedará exenta de obriga de participar no custo do servizo.

2.- Nos demais supostos, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresan o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado:

	<b>GRADO I NIVEL 1</b>	<b>GRADO I NIVEL 2</b>	<b>GRADO II NIVEL 1</b>	<b>GRADO II NIVEL 2</b>	<b>GRADO III NIVEL 1</b>	<b>GRADO III NIVEL 2</b>
<b>Capacidade económica Ingresos en relación ao IPREM</b>	20 HS	30 HS	40 HS	55 HS	70 HS	90 HS
<= 100%	0%	0%	0%	0%	0%	0%
> 100% (532,51.-€) <= 115%	4,52%	6,56%	8,59%	11,42%	14,47%	18,09%

> 115% (612,38.-€) <= 125%	5,41%	7,84%	10,28%	13,66%	17,31%	21,64%
>125% (665,64.-€) <= 150%	5,55%	8,05%	10,54%	14,01%	17,76%	22,19%
>150% (798,76.-€) <= 175%	5,65%	8,19%	10,73%	14,26%	18,07%	22,59%
>175% (931,89.-€) <= 200%	5,72%	8,30%	10,87%	14,45%	18,31%	22,89%
>200% (1.065,02.-€) <= 215%	5,81%	8,42%	11,03%	14,66%	18,58%	23,23%
>215% (1.144,89.-€) <= 250%	6,03%	8,75%	11,46%	15,24%	19,31%	24,14%
<250% (1.331,27.-€) <= 300%	6,24%	9,05%	11,86%	15,76%	19,97%	24,97%
>300% (1.597,53.-€) <= 350%	6,42%	9,30%	12,19%	16,20%	20,53%	25,66%
>350% (1.863,78.-€) <= 400%	6,54%	9,48%	12,42%	16,51%	20,93%	26,16%
>400% (2.130,04.-€) <=450%	6,63%	9,62%	12,60%	16,75%	21,22%	26,53%
>450%(2.130,04.-€) <=500%	6,70%	9,72%	12,74%	16,93%	21,45%	26,82%
Superior ao 500%	6,76%	9,80%	12,84%	17,07%	21,63%	27,04%

3.- Nos caso en que por renuncia parcial expresa da persoa beneficiaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao e nivel correspondente, a cantidade a pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

4.-En ningún caso o importe da participación económica que deberá ingresar a persoa usuaria en concepto de copagamento, poderá exceder ó 65 % do custo do servizo determinado en termos de prezo/hora.

**Artigo 21.- Participación das persoas usuarias no financiamento doutros servizos que impliquen copagamento**

1.- Para o servizo de axuda no fogar, en réxime de libre concurrencia, para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na lei 39/2006, aplicarase a seguinte táboa que regula unha progresiva participación económica no custo do servizo en base ó cálculo da capacidade económica per cápita, de acordo ó establecido ao artigo 16 deste Regulamento.

<i>Capacidade económica Ingresos en relación ao IPREM</i>	<i>PREZO</i>
<i>MENOR DE 0.80 IPREM</i>	<i>0% DO CUSTO DO SERVIZO</i>
<i>MAIOR DE 0.80 IPREM E MENOR OU IGUAL A 1.50 IPREM</i>	<i>30% DO CUSTO DO SERVIZO</i>
<i>MAIOR DE 1.50 IPREM E MENOR OU IGUAL A 2 IPREM</i>	<i>50 % DO CUSTO DO SERVIZO</i>
<i>MAIOR DE 2 IPREM E MENOR OU IGUAL A 2.50 IPREM</i>	<i>70 % DO CUSTO DO SERVIZO</i>
<i>MAIOR DE 2.5 IPREM</i>	<i>90 % DO CUSTO DO SERVIZO</i>

2.- Sen prexuízo do anterior poderán establecerse excepción aos criterios xerais do referido copagamento nos casos en que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de desestructuración familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente Informe Social.

3.- En calquera caso establecerase un límite máximo de participación económica nas persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica.

**13.- Modifícase o artigo 20 que pasará a ser o Artigo 22 Baremo de Puntuación total:**

Se a solicitude presentada cumpre os requisitos sinalados, a Traballadora Social dos Servizos Sociais Municipais fará unha valoración e sinalará unha puntuación segundo o baremo establecido no Anexo I que, xunto coa data de presentación da solicitude, condicionarán o lugar a ocupar na listaxe de espera. Este baremo só se aplicará aos usuarios de libre concurrencia.

**14.- Engádesse un novo artigo, que será o 23 Da coordinación coas entidades privadas que atendas ás persoas usuarias financiadas total ou parcialmente con fondos públicos**

*No caso das entidades privadas que presten o servizo de axuda no fogar, mediante financiamento total ou parcial con fondos públicos, ou que atendan a persoas usuarias derivadas do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia, manterán unha coordinación efectiva cos servizos sociais comunitarios básicos, establecendo un protocolo de comunicación de altas no servizo de cada persoa usuaria, así como unha copia do correspondente proxecto de intervención e dos informes de seguimento, dirixidos aos servizos sociais comunitarios básicos do Concello ou entidade local.”*

Aberto o debate, polo Sr. Alcalde manifestase que este punto se debate e vota pola vía de urxencia, toda vez que a modificación transcrita ten un carácter estritamente técnico.

Polo Sr. López López manifesta que non dubida do carácter estritamente técnico da modificación, máis por pura coherencia, o seu grupo vaise abster na votación dun asunto que non coñece.

Rematado o debate, o Concello Pleno co voto favorable dos Sres./Sras. Salgueiro Rapa, Abad López, Meitin Guerreiro, Iglesias Guerreiro, Balseiro Canoura, Balseiro López, Meitin Rouco e Quelle Franco, e coa abstención dos Sres. López López, López Hermida e Santos Vázquez, acorda aprobar inicialmente a modificación reflectida na proposta de Alcaldía transcrita do Regulamento Municipal do Servizo de Axuda no Fogar no Concello de Xove e sometela ó preceptivo trámite de información pública por prazo de 30 días hábiles, mediante anuncio a publicar no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, e no taboeiro municipal de anuncios, sinalándose expresamente que no suposto de non presentarse alegacións e/ou reclamacións no trámite de información pública, o presente acordo entenderase elevado automaticamente a definitivo.

### **ROGOS E PREGUNTAS.**

Por Secretaría dáse conta á Corporación do escrito das preguntas presentadas por escrito polo Grupo Municipal do BNG é as contestacións efectuadas igualmente por escrito polo Sr. Alcalde, e pola Concelleira Delegada de Servizos Sociais, que a seguir se transcriben:

#### **PRIMEIRA PREGUNTA: Marco López López, concelleiro-portavoz do Grupo Municipal do BNG na Corporación Municipal de Xove, ao abeiro da lexislación vixente, EXPÓN:**

Na acta do pleno municipal do pasado 18 de febreiro, e ao abeiro dunha pregunta por escrito realizada polo Grupo Municipal Nacionalista, consta a seguinte resposta do goberno local sobre o protocolo de actuación dos Servizos Sociais municipais a respecto dunha hipotética situación de violencia de xénero:

#### ***Protocolo de actuación***

*Informar: resolver as carencias de información sobre os dereitos que as asisten, recursos dispoñibles, etc., de xeito que poidan tomar unha decisión axeitada.*

*Clarificar-apoiar: analizar os distintos aspectos da situación, ademais de afirmar a autoconfianza da muller.*

*Acompañar: se hai lesións, acompañarase á vítima ao centro médico, solicitando a presenza da garda civil. Se a vítima decide presentar denuncia, acompañarase ao posto da garda civil.*

*Tramitar: en caso de carecer de apoio familiar e/ou de lugar de refuxio, tramitarase o seu ingreso nun centro de acollida. En caso de carecer de ingresos, tramitaranse as axudas as que pode acceder: Salario da liberdade, Rai, Risga, etc.*

*Derivar: valórase a derivación ao CIM, tanto se precisa asesoramento xurídico e/ou apoio psicolóxico.*

O pasado mes de marzo foi constituída a numerosa Comisión para a Mellora da Atención ás Vítimas da Violencia de Xénero do Concello de Xove. Esta Comisión está integrada pola concelleira de

servizos sociais, unha responsable da Garda Civil de Xove, unha responsable da Unidade contra a Violencia sobre a Muller da Subdelegación do Goberno, unha representante do Departamento de Servizos Sociais, unha representante da Unidade de Educación Familiar do Concello de Xove, unha representante do Centro de Saúde, unha representante do IES Illa de Sarón e unha representante do CEIP Pedro Caselles.

Asemade, informouse aos medios de comunicación que o obxectivo da comisión será “mellorar a atención a través da coordinación entre as institucións e conseguir a súa adaptación ás necesidades reais das mulleres vítimas de violencia” (*sic*). Ademais da literatura retórica que destilan estas palabras, e entendendo que a constitución desta Comisión non ten nada de propagandístico a pesar de ser presentada tres días antes do día internacional da muller, fago as **preguntas** que seguen:

- Cales son as melloras **CONCRETAS**, tras a reunión levada a cabo o pasado día 5 de marzo, que se incorporarán ao protocolo de actuación que xa desenvolve o Concello de Xove?
- Para cando quedou fixada a seguinte reunión da Comisión para a Mellora da Atención ás Vítimas de Violencia de Xénero?
- Quen coordinará a Comisión que se vén de crear (8 membros)? Será un cargo político ou un cargo técnico?
- Cal é o papel nesta Comisión de cada unha das persoas representantes dos diferentes organismos?

**Contestación a PRIMEIRA PREGUNTA.**- Dese lectura ó escrito asinado pola Concelleira Delegada de Servizos Sociais obrante no expediente da sesión.

Por Secretaría dáse lectura ó escrito de referencia que a seguir se transcribe íntegramente:

*“A COMISIÓN DE COORDINACIÓN PARA A ATENCIÓN A VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO do Concello de Xove ten como obxectivo principal mellorar a atención e conseguir a súa adaptación ás necesidades reais das mulleres vítimas de violencia de xénero.*

*Na reunión levada a cabo o día 5 de marzo de 2013 propuxéronse como **obxectivos específicos**: establecer unhas pautas e criterios de actuación que deben seguir as /os profesionais e axentes implicados na materia, deseñar itinerarios de atención para reducir ou evitar a peregrinaxe institucional das vítimas da violencia de xénero, facilitar recursos coordinados e integrais para atender a estas vítimas nos casos de urxencia, deseñar indicadores de seguimento que permitan unha avaliación coordinada e constante a os diferentes axentes e institucións participantes, de xeito que se posibilite unha adaptación permanente da actuación municipal, garantir que desde os servizos sociais, servizos sanitarios, policiais e operadores xurídicos se transmita información responsable e unificada ás mulleres afectadas por unha situación de maltrato e optimizar e axilizar todos os recursos existentes para evitar duplicidades, intercambiando información e prestándose colaboración cando se demande.*

*Ata o de agora, a atención realizábase de forma independente mantendo contactos puntuais cos organismos implicados, esta comisión pretende acadar un compromiso de todos os axentes para lograr unha atención coordinada, posibilitando a ordenación do sistema de atención ás vítimas, nos diferentes ámbitos de actuación –social, xudicial, policial, sanitaria, educativo, etc.-, cuxo esforzo se precisa para ofrecer unha atención integral no momento en que unha muller chega ao itinerario asistencial, e posteriormente.*

*Neste sentido a Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, ten como un dos seus principios reitores coordinar os recursos e*

*instrumentos de todo tipo dos distintos poderes públicos para asegurar a prevención dos feitos de violencia de xénero e, no seu caso, a sanción adecuada dos culpables.*

*Así mesmo o seu artigo 19 consagra o Dereito á Asistencia Social Integral que implica que os servizos de atención á vítima deben actuar de forma coordinada e en colaboración cos Corpos de Seguridade, as/os Xuízas/es de Violencia sobre a Muller, os Servizos Sanitarios e as Institucións encargadas de prestar asistencia xurídica ás vítimas.*

*Pola súa parte, a Lei 11/2007 do 27 de xullo, Galega para a prevención e o Tratamento Integral da Violencia de Xénero, no seu artigo 4.5 alude a que os poderes públicos intensificarán as accións para a cooperación e coordinación interinstitucional dos recursos e instrumentos contra a violencia de xénero.*

*Nesta primeira reunión decidiuse acadar información sobre os protocolos de atención propios de cada organismo, para començar a elaborar un protocolo ou itinerario de actuación municipal que implique aos diferentes axentes sociais.*

**A composición da Comisión estará integrada por:**

**Presidencia:**

- *Concelleira de Servizos Sociais, Educación, Cultura e Muller do Concello de Xove  
Dona Ana María Abad López*

**Secretaria**

- *Dona Angélica Casabella Quelle. Educadora Familiar*

**Representantes das diferentes áreas:**

- *Garda Civil de Xove: Don Jorge López Castro. Sarxento-Comandante de Posto.*
- *Unidade de Violencia de Xénero da Subdelegación do Goberno en Lugo: Dona Ana Belén Pacio Rodríguez, Xefa da Unidade contra a Violencia sobre a Muller.*
- *Servizos Sociais do Concello de Xove: Dona Ana de la Barrera Vila. Traballadora Social*
- *Centro de Saúde de Xove: Don Lucien Perocier Aguirre.*
- *CEIP “Pedro Caselles”: Dona Paula López Otero*
- *IES “Illa de Sarón”: Don Ramón Casas Oroza*

**O funcionamento da Comisión rexerese polas seguintes regras:**

- *As reunións da Comisión serán convocadas pola Alcaldía do Concello de Xove cunha periodicidade semestral, na primeira e segunda metade do ano, levantándose acta dos acordos adoptados nas mesmas.*
- *Tamén se poderá reunir a Comisión de forma extraordinaria sempre que o solicite calquera das Institucións ou Organismos representados na mesma.*
- *A coordinación da Comisión recaerá no persoal técnico da Concellería de Muller e Servizos Sociais.*

**SEGUNDA PREGUNTA:** Marco López López, concelleiro-portavoz do Grupo Municipal do BNG na Corporación Municipal de Xove, ao abeiro da lexislación vixente, EXPÓN:

*O Bloque Nacionalista de Xove tivo coñecemento dun presunto accidente de tráfico ocorrido o pasado día 22 de marzo, entre as 16h30 e as 17h00, na Veiga de Fontao (parroquia de Xuances) e que puido ser provocado polo deterioro do firme da estrada ocasionado por maquinaria industrial pesada que se utilizou nun recheo dun terreo próximo.*

PREGUNTA: *Acudiu algún representante do Concello ou algún membro do corpo de Vixilantes Municipais ao lugar do accidente? Levantouse algún documento oficial que testemuñe o acontecido? Cales foron as causas do accidente?*

**Contestación á SEGUNDA PREGUNTA.-** En primeiro lugar compre sinalar que a estrada donde tivo lugar o 22 de marzo pasado o accidente ó que se refire a pregunta ( LU -2607 “ De Cruceiro, por Portocelo, a la de Xove al Portiño de Morás “ ) é da titularidade da Deputación Provincial e neste sentido compre volver a lembrar que esta Alcaldía xa perdeu a conta do número de escritos, faxes e peticións telefónicas que ten dirixido á Deputación Provincial denunciando o pésimo estado de conservación dos viais da súa titularidade.

O último escrito foi remitido por fax o 26 de febreiro.

Casualmente a Deputación Provincial en escrito asinado pola súa Vicepresidenta remitido con data 20 de marzo de 2013 é dicir 2 días antes do accidente contestou á petición desta Alcaldía do seguinte xeito:

“ En relación a los faxes enviados el día 18 y el 26 de febrero, solicitando la reparación de baches en la vias provinciales LU-P-2601 “ De Xove al Portiño de Moras”; LU-P-2607 “ De Cruceiro, por Portocelo a la de Xove al Portiño de Morás “ y LU-P-2610 “ de A Vara, por la playa de Esteiro, a Area “, comunico a Uds. que por el Servicio de Vías y Obras de esta Diputación Provincial se ha emitido informe que dice:

Los servicios técnicos de esta Diputación examinarán los desperfectos con el fin de evaluar y valorar su reparación, al objeto de incluir estas actuaciones en la próxima campaña de bacheos que, cuando el tiempo mejore, se iniciará con los medios propios de la Diputación, buscando un ahorro de costes. No obstante, tengan presente que la realización de todas las actuaciones de conservación necesarias en la totalidad de la red provincial ( de más de 4200 Km. de longitud ) está condicionada por la actual y obligada política de austeridad presupuestaria “

O Vixiante Municipal de servizo o día do accidente non foi chamado por ninguén e tivo coñecemento do mesmo por pura casualidade, procedeu como se fai nestes casos a dar aviso ó servizo do 112 comunicando que o accidente pudo estar provocado pola existencia dun bache de grandes dimensións case imposible de evitar.

Polos responsables do 112 comunicouse que procederían a dar parte á Deputación Provincial.

Nos días posteriores ó accidente e ante a inminencia das vacacións de Semana Santa e o aumento do tráfico que iso supón, por esta Alcaldía se efectuaron chamadas telefónicas tanto al Servicio de Vías e Obras da Deputación como ao Encargado da Deputación en Xove e tamén a representantes da empresa concesionaria do mantemento dos viais para que procederan á súa reparación.

O día 27 de marzo de 2013 unha vez que por esta Alcaldía se comunicou ó encargado da Deputación que o Concello procedería a repara-los baches máis perigosos con ou sen o permiso do servizo; pola empresa concesionaria do mantemento dos viais procedeuse a efectuar obras provisionais de rebacheo.

Á vista do relatado por está Alcaldía rogaríase ós representantes do grupo municipal do BNG que, a través dos seus deputados e xa que gobernan xunto co PSOE a Deputación Provincial, se fixeran as xestións necesarias para que coa maior urxencia posible se executaran as obras de reparación dos viais provinciais de Xove para que polo menos se garanta un mínimo de seguridade aos seus usuarios.

TERCEIRA PREGUNTA: Marco López López, concelleiro-portavoz do Grupo Municipal do BNG na Corporación Municipal de Xove, ao abeiro da lexislación vixente, EXPÓN:

*A Deputación Provincial de Lugo acudiu á chamada de auxilio da FEGAMP polo abuso na facturación das compañías eléctricas e acordou ofrecer a revisión integral da facturación eléctrica dos Concellos para aforrar gasto e evitar os excesos das compañías. O goberno local de Xove foi un dos que se inscribiu neste plan de asesoramento técnico denominado Club dos Renovables, polo que se realiza un estudo personalizado e gratuíto sobre a facturación de todas as instalacións municipais.*

**PREGUNTA:***Que outras medidas estratéxicas de apoio ao Concello de Xove no abuso da facturación eléctrica levaron a cabo os gobernos do PP na Xunta ou no Estado?*

**Contestación a TERCEIRA PREGUNTA.** É certo que o Concello de Xove se ten adherido a dito Plan, como tamén é certo que desde dita adhesión non se volveu a ter noticia ningunha sobre a súa aplicación. É de esperar que con este plan non suceda o que sucedeu hai uns anos cos plans da Deputación, tamén anunciados a bombo e platillo xa que ian suponer millóns de euros de aforro para os Concellos integrados no CLUB do RENOVABLES, para a contratación conxunta do subministro de enerxía eléctrica no ano 2010 ou sobre a realización de auditorías enerxéticas en instalacións públicas de titularidade municipal para o aproveitamento de enerxías renovables relacionadas co ciclo de auga fai exactamente un ano dos que nunca máis se volveu a ter noticia.

O que si é certo tamén é que a Xunta de Galicia a través da Consellería e do INEGA leva concedidos nos últimos anos preto de 500.000'00 euros para a elaboración dunha Auditoría Enerxética e para a execución das obras de mellora, eficiencia e aforro enerxético contempladas na mesma.

## **ROGOS**

Por Secretaría dáse conta á Corporación do rogo presentado por escrito polo Grupo Municipal do BNG e a contestación formulada igualmente por escrito polo Sr. Alcalde-Presidente; que a seguir se transcriben íntegramente:

**Marco López López, concelleiro-portavoz do Grupo Municipal do BNG na Corporación Municipal de Xove, ao abeiro da lexislación vixente, EXPÓN:**

*O día 27 de setembro do 2012 tivo lugar na capital do noso país, en Santiago de Compostela, unha manifestación convocada polo comité de empresa de Alcoa San Cibrao baixo o lema “polo futuro de Alcoa”. A esta convocatoria acudiron, como na meirande parte destas ocasións, moitos persoeiros da política co obxectivo de amosar o seu apoio á reivindicación dunha tarifa eléctrica competitiva para a multinacional do aluminio.*

*Na manifestación do 27 de setembro tamén estivo representado o Concello de Xove a nivel institucional. Acudiu o alcalde-presidente da corporación da que todos nós, os concelleiros, formamos parte. Uns edís (poucos) que lle dedicamos tempo ao Concello na medida en que as nosas ocupacións profesionais nos deixan e aos que a nosa vocación de servizo público incluso nos costa cartos do peto. Aínda así, a pesar do noso traballo desinteresado pola sociedade, tampouco pedimos recoñecemento ningún. Pero si respecto. Un respecto que non vimos na manifestación de Santiago de Compostela porque o alcalde de todos os xovenses manifestoulle reiteradamente á prensa, a carón do alcalde de Cervo, que el acudía “en apoio ás reivindicacións dos traballadores e traballadoras de Alcoa”. Pero, así e todo, cobrou dietas. Foi á manifestación de Alcoa e pasou unha dieta de 92,41 euros que cobrou relixiosamente en nómina. Iso non está ben.*

*O respecto tanto polos que non temos un salario político como polos empregados e empregadas de Alcoa entendemos, desde o Grupo Municipal Nacionalista, que non se cumpriu polo incoherente papel que a alcaldía desenvolveu ao asegurar que asistía en solidariedade coa reivindicación do comité de empresa e, en troques, proceder ao cobro das dietas. A de Santiago foi unha*

*manifestación á que asistiron moitos traballadores e traballadoras de Alcoa que empataron a quenda de noite coa viaxe. Unha viaxe desde A Mariña para a que se contrataron autobuses. Unha viaxe á que foron moitas persoas (incluídos os políticos) en vehículo particular. Unha viaxe para a que se podía incluso compartir coche se alguén non quería ir no transporte público.*

*Nos tempos de hoxe a cidadanía vive unha profunda desafección provocada por unha minoría de políticos profesionais. E os concelleiros non-profesionais (ademais dos políticos bos e xenerosos) sufrimos unha crise de valores ao estarmos poñendo o noso traballo, diñeiro e coñecementos ao dispor dunha veciñanza que, o único que alcanza a facer, é unha crítica xeral a todo o que teña que ver coas institucións, das que eles como votantes son fiel reflexo. Toda unha sociedade perdida no individualismo e que non alcanza a ver que os nosos gobernantes non son máis ca un retrato da nula honestidade e solidariedade que a propia cidadanía proxecta na clase política.*

**ROGO:***Que pola alcaldía, en futuras situacións semellantes á descrita, ou ben se apoiem as reivindicacións sociais ou ben se cobren dietas por reunión, pero que non se volva producir unha situación de abuso das funcións públicas e se aproveite para vender un acto solidario mentres a caixa común soporta a factura polos servizos prestados.*

**Contestación ó ROGO:** Como queira que, como xa é habitual, o Grupo Municipal do BNG fai os rogos, preguntas, peticións de información e aclaracións a través de notas de prensa sen esperar as explicacións e informacións que nunca se negaron a ninguén polo grupo de goberno, por parte desta Alcaldía tamén se responderá ao rogo a través dunha nota de prensa.

Verbalmente, polo Sr. López López portavoz do Grupo Municipal do BNG formularonse as preguntas que a seguir se transcriben e que foron contestadas polo Sr. Alcalde-Presidente na mesma sesión:

1ª.- Recibiu o Sr. Alcalde unha convocatoria dos médicos do hospital de Burela para asistir a unha reunión sobre o tema da xerencia única, e dita convocatoria era extensiva a tódolos membros da corporación? Se a recibiu, porque non deu traslado da mesma ós portavoces de tódolos grupos?

- Polo Sr. Alcalde-Presidente contestase que non recibiu convocatoria formal ningunha, somentes un e-mail no que se anunciaba a celebración dunha xuntanza no Hospital da Costa.

2ª.- Hai algunha novidade verbo do recurso contencioso administrativo interposto por D. Roberto Rodríguez Rosado contra a denegación dun premio extraordinario de fin de estudos?

- Polo Sr. Alcalde contestase que dito recurso foi desestimado integramente por sentenza de 21 de marzo de 2012.

*E sen mais asuntos que tratar, sendo as dezanove horas e corenta e cinco minutos, levántase a sesión, estendéndose a acta presente, de todo o que como Secretario, dou fé.*

**O ALCALDE,**

**O SECRETARIO,**

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo: Luís María Fernández del Olmo